


# Falar e non acabar

# Áreas lingüísticas de Galicia





## Frases feitas (I)

- **Non sexas tola, agacha a orela que te equivocaches:** Mostrarse submisivo/a, ceder abandonar actitudes de rebeldía.
- **Quen faga mal había andar a rastro coma as cobras:** Úsase para desexarlle mal a alguén.
- **Non sexas rabuda, que vas ter que volver co rabo entre as pernas:** Cando unha persoa que se sente avergoñada, humillada.
- **Xoán, mira ben o que dis, que ti es moito de botar a lingua a pacer:** Facer comentarios sobre algo do que non se sabe nada.
- **Creo que lle botaches o ollo a Marisiña, a que si?:** Fixarse [en algo/alguén que che gusta].
- **Xulio é un aproveitado, mira para el, os ósos á súa nai:** Abusar [de alguén], maltratar [a alguén].
- **Lois come coma un paxariño:** Comer moi pouco.
- **Elia come cos ollos:** Ollar con desexo, interese, insistencia [alguén/algo].
- **Cala a boca, que ti es moito de cuspir para riba:** Falar mal ou facer críticas a alguén que poden volverse contra quen as fai.
- **Mira que cariña... dorme coma un santo:** Durmir placidamente.
- **Ai ho, esta sopa que fixeches está máis basta cós piollos:** Moi abundante.
- **Coido que nos vai tocar gardar a boca de aquí ao verán:** Ter coidado co que se come.
- **Mira para ela, está facendo o que máis lle gusta, non dar pancada:** Non facer nada, non traballar; ser unha persoa preguiceira.
- **Ten coidado con Pepe, que el non dá puntada sen fío:** Actuar de forma premeditada para conseguir algo.



## O verbo. As perífrases verbais (I)

Son construcións nas que hai un verbo conxugado máis outro na forma nominal (infinitivo, participio ou xerundio). Entre eles hai, nalgúns casos, unha preposición ou unha conxunción. Algunhas delas son:

### Ir + infinitivo

- Futuridade: **Imos ir a Galicia pronto.**

### Haber (de) + infinitivo

- Futuridade: **Hei de pedirlle que nos bote unha man.**
- Obrigatoriedade: **Han axudar ao que sexa necesario.**
- Acción que estivo a piques de realizarse (co pretérito): **Houbo de caer ao río.**

### Ter que/de + infinitivo

- Obrigatoriedade: **Elas terán que volver á hora.**
- Necesidade: **Tedes que conseguir unha prórroga.**

### Haber + que + infinitivo

- Obrigatoriedade: **Hai que axudarlles máis.**

### Deber (de) + infinitivo

- Obrigatoriedade ou deber: **Deben facer a comida coma todos.**
- Hipótese: **Debes de pasalo moi mal neses casos.**

### Poder + infinitivo

- Probabilidade ou hipótese: **Poderían chegar antes das catro.**

## Adxectivo en grao superlativo

O grao superlativo pode ser absoluto ( non ten unha referencia para reducir o campo ao que se aplica) ou relativo (se ten a referencia para reducir o campo ao que se aplica).

### Superlativo absoluto

Existen dúas posibilidades:

- Superlativo absoluto sintético: Créase cos sufixos “-ísimo”, “-érrimo”: **grandísimo/a/os/as, pequenísimo/a/os/as.**
- Superlativo absoluto analítico: É moi habitual a construción moi + adxectivo, aínda que tamén temos outras propostas:
  - > Moi + adxectivo: **Ana é moi alta.**
  - > Ben+ adxectivo: **Luís é ben simpático.**
  - > Adxectivo + abondo: **Os seus tíos son xenerosos abondo.**
  - > Bastante + adxectivo: **As veciñas son bastante ruidosas.**

### Superlativo relativo

Desenvólvese mediante a construcións:

- > Máis + adxectivo + de: **María é a máis alta de todas.**
- > Menos + adxectivo + de: **Mario é o menos rápido da clase.**

Algúns adxectivos teñen unha forma sintética:

GRAO POSITIVO	COMPARATIVO	SUPERLATIVO
grande	maior	máximo/a
pequeno/a	menor	mínimo/a
bo/a	mellor	óptimo/a
malo/a	peor	pésimo/a

## Ligazóns de interese

- >> Dialectoloxía da lingua galega
- >> Arquivo do galego oral
- >> Refraneiro galego
- >> Refraneiro multilingüe
- >> Patrimonio Léxico da Gallaecia

- >> Portal de ditados tópicos galegos
- >> Arquivo sonoro de Galicia
- >> Dicionario de sinónimos
- >> Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego



## Notas da sesión